

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

A GALIÑA DOS OVOS DE OURO

Hai moitos anos vivía nunha aldea un matrimonio pobre. Un día pasou pola súa casa unha muller. O matrimonio ofreceulle un lugar para descansar e un pouco de comida. A muller aceptou encantada e cando marchou regaloulles unha galiña en sinal de gratitude.

O matrimonio meteu a galiña no curral e deitouse a durmir. Á mañá seguinte, cando a muller foi coller os ovos, observou que un deles brillaba. Era de ouro! Cada mañá a galiña poñía un ovo de ouro.

O matrimonio pensou que se mataban a galiña non terían que conformarse co ovo diario que esta poñía. Imaxinaban a ave chea de ovos do precioso metal, pero unha vez morta, resultou ser unha galiña común e, entón, lamentaron ter dado morte ao animal que era a súa fortuna.

POPULAR

1. Quen vivía na aldea?

2. Que lles regalou a muller? Debúxao.

• _____



3. Que fixeron coa galiña?

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

4. Escribe os substantivos comúns.



5. Escribe un substantivo propio para cada un destes.

río _____ amigo _____ aldea _____

avó _____ monte _____ doutora _____

6. Rodea os substantivos comúns e subliña os propios.

- Este verán Marcos estivo na praia de Samil coa familia.
- Uxía e Noa visitaron a casa da súa avoa o domingo.
- O autobús para Lugo sae de Santiago ás catro da tarde.

7. Completa a táboa.

| Substantivos comúns | Substantivos propios |
|---------------------|----------------------|
| | |

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

8. Rodea os signos de interrogación.





- Bos días! En que podo servirlle?
- Bos días! Teñen leite?
- Si, está no andel do fondo.
- O que está a carón da carnicería?
- Si, ese mesmo.
- Moitas grazas!



9. Escribe unha pregunta a estas respostas.

- _____ Nacín en Vigo.
- _____ A planta está na terraza.
- _____ O tren chega ás catro.

3. Completa o encrucillado.



Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

10. Colorea de azul o nome dos animais que teñen esporón e de vermello os daqueles que teñen poutas.

galo

tigre

moucho

león

11. Relaciona.

pluma

lombo

rabo

peteiro

ás


aves

mamíferos

12. Resolve a adiviña e debuxa de que se trata.

Ten dúas patiañas
e non ten pés,
plumas de cores
e peteiro tamén.
Cando ten fame
acostuma dicir pío,
cando ten frío
métese no niño.


• É _____.



Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

13. Observa as ilustracións e completa a receita.



• Ingredientes:

• Preparación:

Primeiro, _____

_____. A continuación, _____

_____ e deixámola

repousar. Mentres tanto, _____

_____ e remexemos durante

tres minutos. Despois, _____.

Seguidamente, _____

durante unha hora. Finalmente _____

_____.